



XIII TRAVESÍA A NADO ILLA DA CREBA 2026

DESCRICIÓN DO EVENTO

A XIII edición da Travesía a nado "Illa da Creba" terá lugar o sábado 29 de agosto de 2026, está organizada por Os Salta Rejos coa colaboración do Concello de Muros e a aportación de entidades e empresas da zona.

DÍA E HORA.

sábado 29 de agosto de 2026.

16:00 SAÍDA NENOS/AS: 200m. Praia de Esteiro.

16:30 SAÍDA TRAVESÍA LONGA. 6000m. Praia de Esteiro.

16:45 SAÍDA TRAVESÍA CURTA. 2000m. Praia de Esteiro.

CARACTERÍSTICAS DO PERCORRIDO

A proba comezará pola distancia de 250m, as 16:00 horas. Haberá 3 distancias coas categorías masculina e feminina en cada unha delas.

Farase un chamamento para establecer as quendas, segundo o horario marcado, organizándose na zona asignada de saída. Será responsabilidade de cada nadador estar na zona de saída, no seu posto e co material preparado á hora de comezo.

Os dorsais só poderán ser recollidos por cada participante mediante a presentación do DNI.

Idade máxima de participación, 75 anos.

_ **Categoría A: 6000 metros.** Afeccionad@s á natación con algo de experiencia, posto que o tramo da volta á Illa soe ter mar bravo e require de certas habilidades técnicas e físicas, amais da longa distancia a nadar.

BOIA obrigatoria

Tempo máximo 2h 20min. En superando este tempo de proba, os participantes que aínda estean na auga, deben subir obrigatoriamente a bordo das embarcacións que así llo requiran.

Máximo 90 nadador@s. Orden de inscrición. Idade mínima 14 anos (ano natural).

_ **Categoría B: 2000 metros.** Afeccionad@s á natación que se sentan en disposición de nadar esta distancia e queiran disfrutar xunto a outr@s deportistas dun gran ambiente.

BOIA obrigatoria

Máximo 90 nadador@s. Orden de inscrición. Idade mínima 13 anos (ano natural).

***Categoría C: 200 metros.** Nen@s con idades entre 7 – 12 anos (nados do 2014 a 2019) con afección á natación que se sentan en disposición de nadar esta distancia e queiran disfrutar xunto a outr@s deportistas dunha actividade de auga.*

Máximo 20 nadador@s. Orden de inscrición.

Os participantes desta categoría deberán traer asinado a autorización de menores e vir acompañados pola persoa que se responsabilizará do neno/a. Excepcionalmente, os nados no 2014 poden participar na categoría de 2000m se dispoñen de licenza federativa e os titores/as asinan unha declaración responsable.

Desde as 14:30 horas terá lugar a recepción de participantes, recollida de gorros, accesos a vestiarios e información do percorrido para tódol@s inscritos/as.

A CHEGADA: Atendendo a demanda dos participantes doutras edicións, contamos con cronometraxe oficial mediante chip, polo que será imprescindible pasar pola liña marcada pola organización como meta para facer efectivo o tempo da proba. Entregarase o chip á organización, en pasando da alfombra de meta. Cada participante faise responsable da custodia e entrega deste mecanismo de control, polo que non facéndoo, terá que abonar o custe de este.

CUSTE E INCRICIÓNS

As incricións faranse de foma online, na plataforma habilitada para iso. <https://cronotec.es/>

O custe da Travesía a nado Illa da Creba é o seguinte:

20 euros para a distancia de 6000 metros.

15 euros para a distancia de 2000 metros.

5 euros para a distancia de 200 metros.

O prezo inclúe: sistema de cronometraxe, chip, seguro de accidentes, responsabilidade civil, ambulancia con médico, embarcacións de apoio, aparcamento, vestiarios, avituallamento, gorro de silicona, premios e merenda ao rematar .

O chip que se presta a cada participante, é de aluguer polo que deben depositalo na caixa de meta ao chegar. A non entrega deste, suporá pagar o seu importe na totalidade, tal e como tarife a empresa de cronometraxe.

O prazo de incricións abrirá o martes 14 de xullo e pecharanse o xoves 27 de agosto ás 23:59h. (A aplicación informática non permitirá inscribirse a ninguén fóra de prazo). Os inscritos que o fagan con data posterior a 20 de agosto, non teñen dereito ao reembolso do importe aboado, por baixa no evento.

O canal de comunicación para anunciar novidades da proba será a través do Facebook:

<https://www.facebook.com/ossalta.rejos.1>

A formalización da inscrición supón a aceptación da normativa establecida para o desenvolvemento da travesía.

SEGURIDADE DA PROBA

A proba contará coa participación de protección civil, embarcacións/zodiacs de acompañamento, kaiaks de mar, equipo especializado de seguridade marítima, coordinación con salvamento marítimo, amais do servizo da ambulancia correspondente.

BALIZACIÓN DAS VIRAXES.

A marcación do campo de nado será mediante boias que sinalizarán o percorrido.

Todas as boias deixaranse á dereita na ida de cada percorrido e a esquerda na volta.


CATEGORÍA A (6000M)



CATEGORÍA B (2000M)



CATEGORÍA C (200M)



seguir información dos detalles en <https://www.facebook.com/travesia.illadacreba.9>

CARACTERÍSTICAS ADICIONAIS

Travesía popular, que non unha competición, onde facelo o mellor que cada un poida e disfrutar do mar, do entorno e da compañía é o obxectivo, sempre respectando as normas da organización.

Traer asinado o consentimento informado así como a autorización de menores de idade que se pode descargar na páxina de inscrición, zona de descargas.

Recoméndase o uso de traxe de neopreno e lentes. **É obrigatorio nadar, con boia estanca (6000m e 2000m)**, co gorro que entrega a organización, estes serán de diferente cor segundo a distancia a nadar.

Cada participante deberá levar escrito o número que lle sexa asignado en grande e nun lugar visible (será marcado pola organización).


PREMIOS.

Poderá haber algún agasallo aos participantes, con sorpresas incluídas. Publicaranse os tempos de cadaquén, cando rematen as probas, no lugar de recollida de dorsais. Hai posibilidade de trofeos individuais por categorías para as distancias de 2000 e 6000m e medallas para os nen@s.

Indicar que esta travesía persigue conservar o seu aspecto lúdico e deportivo das súas orixes, no entanto, solicitamos a tódol@s participantes convertila proba nun reto persoal, con cadansúa maneira de afrontalo. **De aí que se dea prioridade á seguridade, á solidariedade, ao disfrute, ao compañeirismo, ao respecto cara o medio, deixando o crono, percorrido e participación de cadaquén para unha análise propia de cada participante. Non se gaña nin se perde, soamente se fai moi ben por participar.**

<https://www.facebook.com/ossalta.rejos.1>

COMO CHEGAR



Coordenadas GPS

42° 47' 19.98''N

8° 58' 39.82''W

PLANOS DE INFORMACIÓN DA TRAVESÍA

